



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 14 DE XANEIRO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario en funcións</b></p> <p>D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día catorce de xaneiro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación






**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	11/01/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Implantación, seguimento e mantemento dos sistemas de autocontrol sanitario e análise superficies de auga doce e salgada da Lonxa Municipal de Riveira (xaneiro a xuño de 2016, ambos incluídos)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS, S.L.		
NIF/CIF:	B70020656		
Importe (IVE incluído):	1.684,32 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	04/01/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Xerente de Actividades Deportivas José Miguel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de limpeza e desinfección contra a lexiónela do yacuzzi e dos acumuladores de auga quente das instalacións da piscina municipal e campo de fútbol da Fieiteira, así como análises de lexiónela.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS, S.L.		
NIF/CIF:	B70020656		
Importe (IVE incluído):	2.950,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	11/01/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Gratificacións (3.650,00 €) e premios (2.350,00 €) co motivo da celebración do Festival de Murgas e Comparsas - Entroido 2016		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe (IVE incluído):	6.000,00 €		
Observacións	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, <b>acorda</b> aprobar as bases de participación no Festival de Murgas e Comparsas -		





Entroido 2016.

**EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.**

**FRACCIONAMENTO DE PAGO A LUIS MANUEL RAMOS VÁZQUEZ**

Expediente: 2016-00000001

Visto o escrito presentado por Manuela Fontaíña González en representación de Luis Manuel Ramos Vázquez, de data 04/01/2016 (Rexistro de entrada nº 36), no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 05/01/2016.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMERO.-** CONCEDER o aprazamento/fraccionamento solicitado, con aceptación provisional da garantía aportada, e liquidar o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:

Fracción	Vencemento	Importe fracción
01	05/02/2016	56,54 €
02	05/03/2016	56,54 €
03	05/04/2016	56,54 €
04	05/05/2016	56,54 €
05	05/06/2016	56,54 €
06	05/07/2016	56,54 €
07	05/08/2016	56,54 €
08	05/09/2016	56,54 €
09	05/10/2016	56,54 €
10	05/11/2016	56,54 €
11	05/12/2016	56,54 €
12	05/01/2017	56,59 €

**SEGUNDO.-** Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

- 1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de





apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e o recargo do período executivo sobre a suma de ambos conceptos.

2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.

3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:

Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando isto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.

O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

### III.- CONTRATACIÓN.


**1.- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE "CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL EN HORTA DO BACELO (PALMEIRA, RIVEIRA)". EXECUCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA DATA 24/07/2013.**


A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 24/07/2013, adoptou os acordos seguintes:

**Primeiro.-** DECLARAR A RESOLUCIÓN DO CONTRATO adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.12.07, para realizar as obras do proxecto básico e de execución para a "Construcción do pavillón municipal na Horta do Bacelo (Palmeira, Riveira)" á empresa "Ageco Construcciones y Reformas, SL".

**Segundo.-** PROCEDER Á LIQUIDACIÓN DO CONTRATO nos termos que a continuación se enuncian:

En relación á dita obra a entidade Ageco Construcciones y Reformas SL presentou a última certificación por obras executadas pola mesma no contrato de





referencia.

*A cantidade obxecto de certificación ascende á cantidade de 228.558,10 €.*

*De dita cantidade deben ser deducidos os danos e prexuízos ocasionados a esta administración como consecuencia da resolución do contrato.*

*A cantidade a que ascenden ditos danos e prexuízos é de 60.558,01 €, correspondendo a gastos derivados da necesidade da convocatoria de concurso para adxudicación do novo contrato, e gastos derivados do retraso da realización do obxecto do contrato.*

*Conseguentemente a cantidade a abonar á entidade Ageco Construcciones y Reformas SL ascende á cantidade de 168.000,00 €.*

*Non obstante o abono de dita cantidade realizarase nos prazos e co cumprimento dos requisitos seguintes:*

*- A cantidade de 105.062,00 € aboaranse unha vez notificada a resolución do contrato e os Servizos de Intervención Municipal diten a resolución de pago correspondente.*

*- Dado que "Ageco Construcciones y Reformas SL" incumpriu a súa obriga de presentar un aval por importe de 62.937,80 €, e dado que a cantidade de 34.960 € correspóndese co importe do aval das obras non realizadas, dita cantidade de 34.960 € aboarase no momento en que se formalice contrato co novo contratista e unha vez este presente o aval correspondente.*

*- A cantidade de 27.977 €, que se corresponde co importe do aval correspondente as obras realizadas por "Ageco Construcciones y Reformas SL" aboarase unha vez a obra estea finalizada e haxan transcorrido os prazos legais establecidos ó efecto.*


Tendo en conta que:

1º) En execución do mencionado acordo, e segundo resulta dos asentos e documentos contables, o Concello pagou a "Ageco Construcciones y Reformas, SL" a cantidade de 105.128,96 euros, en lugar dos 105.062,00 euros indicados.

2º) En consecuencia co anterior, "Ageco Construcciones y Reformas, SL" depositou unha fianza por importe de 62.871,04 euros, como garantía inicial e complementaria, segundo consta na Carta de Pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 26/08/2013 (nº operación: 2013 33005325), en lugar dos 62.937,80 euros.

3º) Unha vez tramitado o novo expediente de contratación para realiza-las obras do proxecto de "Pavillón polideportivo multiusos de Palmeira (Riveira)", segundo o proxecto redactado polo arquitecto Celso López Martín (L&T 94 Arquitectura y Urbanismo, S.L.P.) en setembro de 2013, a licitación adxudicouse pola Xunta de Goberno Local en sesión da data 19/12/2013 a favor da empresa "Acciona Infraestructuras, S.A.", formalizándose o correspondente contrato na data 29/01/2014.

4º) Para responder da boa execución do contrato, a empresa "Acciona Infraestructuras, S.A." depositou unha garantía definitiva por importe de 33.217,00 euros, segundo a Carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 18/12/2013 (nº operación: 2013 33008533), xustificativa de





constitución de certificado de seguro de caución 30.000.072/622 da *Caja de Seguros Reunidos, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.* ("Caser").

5º) Unha vez executadas as obras estas foron recibidas na data 13/05/2015, segundo acta levantada ao efecto.

Vistos os antecedentes expostos,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.**- Autorizar a cancelación da cantidade de **34.894,04** euros do importe da garantía definitiva depositada por "Ageco Construcciones y Reformas, SL" para responder do contrato de "CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL EN HORTA DO BACELO (PALMEIRA, RIVEIRA)".

**SEGUNDO.**- Reter a cantidade restante de **27.977,00** euros do importe da garantía definitiva depositada por "Ageco Construcciones y Reformas, SL" para responder do contrato de "CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL EN HORTA DO BACELO (PALMEIRA, RIVEIRA)", entre tanto non remate o prazo de garantía de un ano para responder das obras executadas.

## 2.- EXPEDIENTES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

### 1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "RENOVACIÓN DE SERVIZOS NA RÚA PADRE SARMIENTO (RIVEIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "**Renovación de servizos na rúa Padre Sarmiento (Riveira)**".


A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 20/03/2013, a favor da empresa "LISARDO INVERSIONES, S.L." (CIF número B15997240), e o correspondente contrato asinouse na data 27/03/2013.

Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 4.942,71 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/03/2013.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 10/06/2013.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño,





ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.942,71 euros constituída por “**LISARDO INVERSIONES, S.L.**” (CIF número B15997240), para responder da execución do contrato “Renovación de servizos na rúa Padre Sarmiento (Riveira)”.

## **2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NO LUGAR DE BRETAL (OLVEIRA)”.**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NO LUGAR DE BRETAL (OLVEIRA)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 23/01/2014, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES FIGUEIRAS VIXÁN, S.L.” (NIF número B15668437), e o correspondente contrato asinouse na data 30/01/2014.


Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 4.651,89 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello de data 12/12/2013 (clave operación: 820; signo: positivo).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 03/12/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño; ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co*





*artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), adopta o seguinte acordo:*

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.651,89 euros constituída por "CONSTRUCCIONES FIGUEIRAS VIXÁN, S.L." (NIF número B15668437), para responder da execución do contrato "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NO LUGAR DE BRETAL (OLVEIRA)".

**3.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E PLUVIAIS NUNHA PRAZA EN SIRVES (OLVEIRA)".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realiza-las obras do proxecto "**Pavimentación, saneamento e pluviais nunha praza en Sirves (Olveira)**".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 26/08/2013, a favor da empresa "**CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L.**" (CIF número B15879794), e o correspondente contrato asinouse na data 28/08/2013.

Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 1.260,23 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 21/08/2013 (número de operación 2013 33005251).


A Acta de recepción das obras formalizouse na data 30/10/2013.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopto o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.260,23 euros constituída por "CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L." (CIF número B15879794), para responder da execución do contrato "Pavimentación, saneamento e pluviais nunha praza en Sirves (Olveira)".







**4.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA PARROQUIAL DE ARTES".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realiza-las obras do proxecto "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA PARROQUIAL DE ARTES".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 29/08/2013, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.L." (NIF número B36023984), e o correspondente contrato asinouse na data 29/08/2013.

Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 2.783,91 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 28/08/2013 (número de operación 2013 33005388).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 07/01/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.


Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.783,91 euros constituída por "CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.L." (CIF número B36023984), para responder da execución do contrato "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA PARROQUIAL DE ARTES".

**5.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN DA EXPLANADA DO PORTO DE PALMEIRA (RIVEIRA)".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realiza-las obras do proxecto "Pavimentación da explanada do porto de Palmeira (Riveira)".





A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 26/08/2013, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." (CIF número B15985187), e o correspondente contrato asinouse na data 28/08/2013.

Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 3.946,19 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 23/08/2013 (número de operación 2013 33005305).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 28/04/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 3.946,19 euros constituída por "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." (CIF número B15985187), para responder da execución do contrato "Pavimentación da explanada do porto de Palmeira (Riveira)".

**6.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E PLUVIAIS NUN TRAMO DA RÚA TORREIRO E DA RÚA FONTE NOVA (CORRUBEDO)".**

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realiza-las obras do proxecto "PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E PLUVIAIS NUN TRAMO DA RÚA TORREIRO E DA RÚA FONTE NOVA (CORRUBEDO)".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 02/09/2013, a favor da empresa "SONENSE DE GRANITOS, S.L." (NIF número B15635063), e o correspondente contrato asinouse na data 04/09/2013.

Para responder da boa execución das obras a empresa depositou unha fianza de 5.262,49 euros, segundo carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 02/09/2013 (número de operación 2013 33005724), xustificativa de constitución de aval de NCG Banco nº 345013.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 20/02/2014.





Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como directora das obras, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/12/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 5.262,49 euros constituída por “SONENSE DE GRANITOS, S.L.” (NIF número B15635063), para responder da execución do contrato “PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E PLUVIAIS NUN TRAMO DA RÚA TORREIRO E DA RÚA FONTE NOVA (CORRUBEDO)”.

#### **IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

1.- Vistos os escritos presentados por **M<sup>a</sup> Jesús Paz Vízcaya**, de datas 03/07/2014 e 04/08/2015 (Rexistros de entrada nº 8.336 e 8.018), nos que solicita licenza de obra para a instalación de dous módulos prefabricados en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A035001240000KR sita na Rúa Barreiro nº 35, Palmeira, Riveira.





A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 05/08/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** a M<sup>a</sup> Jesús Paz Vizcaya **LICENZA DE OBRAS (Nº 1/16)** para **INSTALACIÓN PROVISIONAL DE DOUS MÓDULOS PREFABRICADOS** en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A035001240000KR sita na Rúa Barreiro nº 35, Palmeira, Riveira, nos termos do Proxecto de instalación provisional de dous módulos prefabricados de xullo de 2014 redactado por Xerardo S. Tarrío Calvo:


- *As obras deberán demolerse cando o Concello o acorde, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no Rexistro da Propiedade.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Logo de rematar a obra, o promotor presentará **documentación de fin de obra** que acredite a correcta instalación dos módulos segundo o proxecto presentado, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado; asimismo deberá solicitar a **necesaria licenza de actividade provisional** para poder exercer a actividade de explotación de produtos hortícolas ecolóxicos contemplada no proxecto, segundo o disposto no artigo 41.c) e ss da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), e nos artigos 21 e 102 da LOUGA.

**Cuarto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Quinto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.


**Oitavo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.


**Noveno.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 18/12/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN DE OBRAS			
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	65,00 €		
Licenzas urbanísticas	43,13 €	TOTAL Ingresar/Devolver.....	108,13 €
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA			
Cota complementaria		Cota Autoliquidada	Diferenza





- PAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)

a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:

Ata o día 20 do mes seguinte.

b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:

Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.

c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.

2.- Visto o escrito presentado por **Manuela Agrelo Lampón**, de data 30/11/2015 (Rexistro de entrada nº 12.321), no que solicita licenza de obra para instalación de fosa séptica en parcela con refª catastral nº 15074A014002280000KE sita no lugar de Vixán, Carreira, Riveira.

